

Guías de uso – *Incipit* melódico

Sucesión de números (**romanos** e/ou **arábigos**) separados por **espazos**, que representan os graos da escala. O 1 é sempre a nota final, que nas transcricións de música vocal é por convención sempre *sol* en segunda liña (ver *guía de ámbito*). Nas transcricións de música instrumental procuramos respectar a tonalidade na que está afinado o instrumento. Hai que ter en conta que a velocidade de reprodución da gravación puido resultar alterada, cambiando así a altura absoluta á que escoitamos a dixitalización dela.

Non se ten en conta a estrutura interválica da escala; só se marcan os graos empregados. Escríbense todas as notas do verso I, teña este 6, 8 ou outro número delas: tantas como sílabas do texto.

Exemplos

IgBa_0090_043 [audio http://apoi.museodopobo.gal/199](http://apoi.museodopobo.gal/199)

Incipit melódico: 1 2 3 4 5 1 1



5. Foi cul - pa do fe - rrei - ro

IgBa_0031_029 [audio http://apoi.museodopobo.gal/33](http://apoi.museodopobo.gal/33)

Incipit melódico: 1 VII VI V 1 2 3 3



2. Son de - re - chas co-mo un ar - co

IgBa_0069_028 [audio http://apoi.museodopobo.gal/173](http://apoi.museodopobo.gal/173)

Incipit melódico: 8 7 6 5 5 8 7 6 5 5



1. Á mi - ña ca - sa non que - ro que ve - ñas